

Programa de Prevención de Drogodependencias CINENSINO

curso 2004/2005

UMAD. Concello de Santiago

A Prevención das Drogodependencias e a Promoción da Saúde

na xente nova son aspectos que esixen un constante compromiso e responsabilidade por parte de todos. Neste sentido consideramos que a intervención preventiva nos centros escolares debe comezar antes de que se establezan padróns de consumo que máis tarde serán difíciles de cambiar. Por todo isto, o Concello de Santiago a través da U.M.A.D. (Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente) ofertou un ano máis o Programa de Prevención de Drogodependencias "CINENSINO" dirixido aos alumnos e profesores de 5º e 6º de EPO (Ensino Primario Obrigatorio) e 1º e 2º de ESO (Ensino Secundario Obrigatorio) de todos os centros escolares do Concello.

Dito programa englobase dentro do contexto da Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo. Para isto debe ser asumido polo propio centro escolar ao que se lle facilita asesoramento, medios e formación imprescindible para que sexa impartido polo seu profesorado.

A ferramenta pedagóxica coa que se traballa é o cinema; mediante a proxección dunha película vaise profundando e traballando en diferentes temas de interese relacionados coa prevención do consumo de drogas.

No programa participan máis de **2.500 alumnos e alumnas** de 5º e 6º de EPO (Ensino Primario Obrigatorio) e 1º e 2º de ESO (Ensino Secundario Obrigatorio), **de 29 colexios de Santiago**, e en liñas xerais consta de:

- ? Visionado de tres películas (unha por trimestre), que se proxectan nunha sala de cine do Concello,
- ? entrega das Unidades Didácticas, unha diferente por cada película e dirixidas unhas aos alumnos (Caderno do Alumnado) e outras aos profesores (Manual do Profesorado), para traballar na aula. Cada Unidade Didáctica desenvolve unha serie de explicacións que, dirixidas polo profesor, permiten definir e orientar os contidos sobre os que se vai traballar e consta dunha serie de exercicios e actividades que facilitan a reflexión e participación dos alumnos,
- ? e, por último, dun Curso de Formación do Profesorado en Prevención de Drogodependencias a través dunha Plataforma de Teleformación en Internet dirixido a todos aqueles profesionias do Ensino que estean interesados en ampliar os seus coñecementos no campo da prevención escolar (*só para os profesores da ESO*).

PROGRAMACIÓN PARA O CURSO 2004/2005

EPO (ENSINO PRIMARIO OBRIGATORIO)

HERMANO OSO (85 min.)

(Aaron Blaise e Robert Walker, EE.UU., 2003)

Kenai, un mozo dunha aldea situada ao noroeste dos Estados Unidos, aínda vivindo en plena natureza, odia aos osos. Este sentimento lévao a perseguir sen cuartel a un enorme exemplar pero os Grandes Espíritos para lle dar unha lección o transforman en oso, deste xeito esperan que aprenderá a vivir en armonía coa natureza respectando a todos os seus integrantes. Na súa vida como oso, Kenai coñecerá a un pequeno oseño chamado Koda do que aprenderá grandes e importantes leccións.

Módulo: Armonía home-natureza

P3K: PINOCHO 3000 (80 min.)

(Daniel Robichaud, España, Canadá e Francia 2002)

Novedosa versión de Pinocho ambientada no ano 3000, no que Gepetto é un xenial inventor creador entre outros, dun pequeno robot ao que quere coma un fillo: Pinocho. As aventuras deste renovado personaxe fanno tropezar co alcalde Scamboli, o pingüino cibor Spencer e a fada Cyberina que lle farán vivir experiencias inolvidables

Módulo: Habilidades de vida: a sinceridade, o establecemento de obxectivos.

THUNDERBIRDS (87 min.)

(Jonathan Frakes, EE.UU. e Reino Unido, 2004)

O mozo Alan Tracy (Brady Corbet) arde en desexos de formar parte da organización ultrasecreta International Rescue (Rescate Internacional) na que traballa toda a súa familia, pero o seu primeiro reto será superar os exames no internado no que se atopa. A maior ilusión do noso protagonista é a de poder axudar á súa familia no salvamento do mundo dos desastres que lle acechan manexando o vehículo que utilizan os Tracy nas súas misións segredas: o Thunderbird.

Módulo: O noso posto no núcleo familiar. Os roles

ESO (ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO)

PONTE EN MI LUGAR (93 min.)

(Mark S. Waters, USA, 2003)

Anna, unha moza de 15 anos (Lindsay Lohan) e a súa nai, a doutora Tess Coleman (Jamie Lee Curtis), non se entenden ben. A disparidade dos seus gustos, visión da vida, obxectivos e puntos de vista en xeral parecen diametralmente opostos. Entre os principais problemas que as separan e que mutuamente se botan en cara están as aspiracións musicais de Anna, que a súa nai parece non apoiar, e o prometido da nai, Ryan (Mark Harmon), quen non é aceptado por Anna. Pero a maxia fará a súa aparición para poñer a ámbalas dúas no seu sitio, mellor dito, no sitio da outra xa que quedarán intercambiadas unha no corpo da outra, a ver se deste xeito, conseguen comprender os seus puntos de vista...

Módulo: O risco e o seu control na adolescencia (Crenzas favorables ao consumo de drogas)

LA PUNTUACIÓN PERFECTA (92 min.)

(Brian Robbins, EE.UU. e Alemania, 2004)

Un grupo de mozos e mozas está en contra do exame psicotécnico que teñen que superar para o acceso á universidade, pensan que é inxusto que o seu futuro poida decidirse por un simple test de modo que deciden roubar o exame para acadar a puntuación perfecta. A pesar de todos os seus esforzos parece que non é doada a tarefa e quizais sexa máis productivo facer o exame e confiar un pouco máis en si mesmos.

Módulo: Tolerancia e permisividade social

MISIÓN SIN PERMISO (91 min.)

(Bart Freundlich, EE.UU., 2004)

Maddy é unha moza de 12 anos apaixonada pola escalada, afección que herda do seu pai un gran escalador que tivo que abandonar ese deporte por mor dun accidente cunhas secuelas que repentinamente o deixan paralítico. A familia non ten cartos de abondo para pagar a operación que precisa o pai para se restablecer e a Maddy se lle ocorre a idea de asaltar o banco no que traballa a súa nai xunto cos seus amigos e pretendentes Gus e Austin...

Módulo: A presión no grupo de iguais (Relacións na cuadrilla favorecedoras do consumo)

CALENDARIO SANTIAGO PARA O CURSO 2004/2005

EPO (ENSINO PRIMARIO OBLIGATORIO)			
CURSO 2004/2005			
DATAS	PELÍCULA	LUGAR DE PROYECCIÓN	HORARIO
MÉRCORES 27-10-04 XOVES 28-10-04	HERMANO OSO	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.
LUNS 31-01-05 MARTES 01-02-05	PINOCHO 3000	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.
MÉRCORES 16-03-05 XOVES 17-03-05	THUNDERBIRDS	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.

ESO (ENSINO SECUNDARIO OBLIGATORIO)			
CURSO 2004/2005			
DATAS	PELÍCULA	LUGAR DE PROYECCIÓN	HORARIO
LUNS 25-10-04 MARTES 26-10-04	PONTE EN MI LUGAR	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.
MÉRCORES 02-02-05 XOVES 03-02-05	PUNTUACIÓN PERFECTA	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.
LUNS 14-03-05 MARTES 15-03-05	MISIÓN SIN PERMISO	AULA DA CULTURA DE CAIXAGALICIA SANTIAGO	10:00 A.M. 12:00 P.M. 04:00 P.M.

**PARTICIPACIÓN CONCELLO DE SANTIAGO
2004-2005**

ESO (ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO) CURSO 2004-2005			
NOME DO CENTRO	ALUMNOS	PROF.	TOTAL
1. IES LAMAS DE ABADE	85	6	91
2. IES ROSALÍA DE CASTRO	218	8	226
3. IES XELMÍREZ 2	75	4	79
4. IES EDUARDO PONDAL	170	6	176
5. EDUCACIÓN ESPECIAL	10	6	16
6. C. SAN Pelayo	96	4	100
7. C. LA SALLE	120	4	124
8. IES FONTIÑAS	225	10	235
9. C. STA. APOLONIA	36	3	39
10. IES MONTE DE CONXO	37	2	39
11. IES PONTEPEDRIÑA	100	5	105
12. IES DE SAR	90	4	94
13. C. PELETEIRO	120	5	125
TOTAL	1382	67	1449

EPO (ENSINO PRIMARIO OBRIGATORIO) CURSO 2004-2005			
NOME DO CENTRO	ALUMNOS	PROF.	TOTAL
1. C. COLEXIATA DE SAR	25	2	27
2. C. SAN Pelayo	60	4	64
3. C. STA. APOLONIA	30	3	33
4. C. NTRA. SRA. REMEDIOS	108	4	112
5. CEIP LAMAS DE ABADE	64	4	68
6. CEIP VITE 1	37	2	39
7. CEIP APÓSTOL SANTIAGO	24	2	26
8. CEIP RAMÓN CABANILLAS	16	2	18
9. C. JUVENTUD	23	2	25
10. C. PELETEIRO	120	5	125
11. CEIP MONTE DOS POSTES	80	4	84
12. CEIP RAÍÑA FABIOLA	65	3	68
13. C. CLUNY	102	4	106
14. C. DIVINO MAESTRO	52	2	54
15. CEIP. QUIROGA PALACIÓS	23	2	25
16. CEIP PÍO XII	152	5	157
17. CEIP LÓPEZ FERREIRO	97	6	103
18. C. A MILAGROSA	43	3	46
19. C. ALBORADA	39	2	41
TOTAL	1160	61	1221